



GUÍA GALICONS-NET

Pautas a seguir para o desenvolvemento do proxecto



1. QUE É GALICONS-NET?

Galicons-net é un programa educativo do Instituto Galego Do Consumo e da Competencia (Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación) en colaboración da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, incluído dentro do Plan Proxecta, que ten como finalidade promover a educación para o consumo responsable nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

As datas para solicitar a participación no Plan Proxecta son do 8 de xuño ate o 26 de setembro de 2022.

É importante destacar, que se pode participar neste programa educativo fóra do Plan Proxecta, directamente co IGCC.

2. OBXECTIVOS

Galicons-net ten como principal obxectivo potenciar a educación para o consumo responsable nos centros docentes non universitarios da comunidade autónoma de Galicia, así como motivar un traballo activo e colaborativo do alumnado e profesorado nas distintas etapas educativas, permitindo:

- Formar cidadáns e cidadás que poidan desenvolverse na sociedade na que viven dun xeito responsable, solidario e con sentido crítico, dando preferencia ao “ser” fronte ao “posuír”.

- Concienciar ao alumnado da súa condición de persoa consumidora, iniciándoo no funcionamento da sociedade de consumo, no papel das persoas consumidoras e usuarias e no uso dos medios de comunicación.
- Fomentar que as persoas consumidoras e usuarias actúen de maneira informada, de xeito que poidan elixir, con pleno coñecemento, entre os bens e servizos, e coñecer os seus dereitos e deberes.
- Desenvolver no alumnado un pensamento crítico e independente e fomentar a reflexión sobre os aspectos éticos, solidarios e ambientais que determinan a responsabilidade no consumo.

Os obxectivos específicos estarán definidos dentro da temática elixida para levar a cabo cada proxecto.

3. SOBRE QUE TEMAS PODEMOS TRABALLAR?

Os centros participantes deberán realizar un proxecto sobre algunha das seguintes **propostas de traballo**, seleccionando unha das áreas sobre consumo responsable que mellor se adapte ás necesidades do centro (escoller só unha):

1. Linguaxe publicitaria

- 1.1. Publicidade na miña contorna.
- 1.2. Publicidade dirixida á adolescencia.
- 1.3. Publicidade: onte, hoxe e mañá.

2. Consumo e xénero

- 2.1. Xoguetes, xénero e publicidade.

2.2. Impacto das relacións de xénero no consumo.

2.3. Consumo e xénero: onte, hoxe e mañá.

3. Comercio electrónico

3.1. Hábitos de consumo de comercio electrónico.

3.2. Seguridade no comercio electrónico.

3.3. Comercio electrónico: onte, hoxe e mañá.

4. Servizos financeiros

4.1. Tipoloxía dos servizos financeiros: captación e investimento.

4.2. Identificación de servizos inseguros: créditos rápidos e cláusulas abusivas.

4.3. Servizos financeiros: onte, hoxe e mañá.

5. Etiquetaxe dos bens e produtos

5.1. Etiquetaxe dos bens e produtos de consumo.

5.2. Etiquetaxe dos produtos alimentarios.

5.3. Etiquetaxe dos bens e produtos de consumo: onte, hoxe e mañá.

A continuación sinálanse algunhas propostas a modo de exemplo:

1. Publicidade

a) Sería posible unha sociedade de consumo sen publicidade?

b) Como funciona o merchandising? Como inflúe nos nosos hábitos de compra?

c) A publicidade emprega estereotipos? Como inflúen nos nosos hábitos de consumo?

d) Que códigos emprega a linguaxe publicitaria? (Cores, personaxes, música, slogan)

e) Como se realiza unha campaña publicitaria? Que custo ten?

f) Tentamos facer unha campaña publicitaria no noso centro?

g) Que casos coñecemos de publicidade ilícita?

Tipos de publicidade ilícita:

- A publicidade que atente contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución.
- Aquela que presente as mulleres de maneira vexatoria ou discriminatoria, ben utilizando particular e directamente o seu corpo ou partes do mesmo como mero obxecto desvinculado do produto que se pretende promocionar ou ben a súa imaxe asociada a comportamentos estereotipados que vulneren os fundamentos do noso ordenamento contribuíndo a xerar a violencia á que se refire a Lei Orgánica/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- A publicidade dirixida a menores que lles incite á compra dun ben ou dun servizo, explotando a súa inexperiencia ou credulidade, ou na que aparezan persuadindo da compra a nais, pais ou titores/as. Tampouco poderán aparecer menores en situación de perigo.
- A publicidade subliminal (aquela que empregue técnicas que poidan actuar sobre o público destinatario sen ser conscientemente percibida).
- A publicidade enganosa, desleal e a publicidade agresiva.

2. Consumo e xénero

a) Como se constrúen as relacións de xénero? E as relacións de consumo? Inflúen unhas nas outras?

b) Consumen do mesmo xeito os homes e as mulleres? Hai sesgo de xénero na responsabilidade á hora de consumir? (quen coñece mellor os seus dereitos como

persoas consumidoras, quen consulta máis a etiquetaxe dos produtos ou coñece as vías de reclamación, etc)

- c) Teñen xénero os produtos?*
- d) Como é a relación consumo/xénero nos países menos desenvolvidos?*
- e) Que características teñen as relacións de consumo/xénero na miña contorna?*
- f) Pagan máis as mulleres que os homes polos mesmos produtos (taxa rosa)?*

3. Comercio Electrónico

- a) Está o novo modelo de sociedade a cambiar os hábitos de consumo?*
- b) Como inflúe a evolución das tecnoloxías no comercio electrónico?*
- c) É seguro mercar na rede? Cales son as características para un comercio electrónico seguro? (Elementos que teñen que aparecer na páxina dunha tenda online para que sexa segura)*
- d) Cambian os meus dereitos como persoa consumidora no comercio electrónico?*
- e) No caso dun conflito de consumo no comercio electrónico, resólvese do mesmo xeito que no comercio tradicional?*
- f) Pode nun futuro o comercio electrónico substituír ao tradicional?*

4. Servizos financeiros

- a) Como accedemos aos servizos financeiros? (entidades de contratación, idade de acceso, vantaxes e desvantaxes da contratación)*
- b) Como inflúe o uso dos servizos financeiros na nosa economía?*
- c) Cales son os termos que se deben manexar na contratación de servizos financeiros?*

- d) *A que tipo de servizos financeiros téis acceso na túa contorna?*
- e) *Que nivel de seguridade existe neste tipo de servizos?*
- f) *Que entidades se encargan da defensa dos dereitos dos usuarios e usuarias deste tipo de servizos?*

5. Etiquetaxe dos bens e servizos

- a) *Coñecemos que información é obrigatoria nas etiquetas?*
- b) *Que tipo de información nos aportan as etiquetas dos alimentos?*
- c) *Coñeces o etiquetado facultativo? (símbolos referentes á reciclaxe dos envases ou dos plásticos, símbolo do comercio xusto, símbolos referentes á ecoloxía, o código pegi dos videoxogos, os consellos reguladores (ex. ternera galega), o símbolo de non experimentación en animais en cosmética, o símbolo de sen glute, etc)*
- d) *Que é a trazabilidade dun produto? Coñeces algún indicador que o facilite?*
- e) *Cales son as obrigas e deberes das persoas consumidoras sobre a etiquetaxe dos bens e produtos de consumo?*

Información sobre etiquetaxe:

Todos os produtos, independentemente da normativa específica deben indicarnos:

Nome, enderezo completo do produtor.

Natureza, composición e finalidade.

Calidade, cantidade, categoría o denominación usual ou comercial, se a teñen.

Datas de produción ou suministro e lote, cando sexa esixible, prazo recomendado para o uso ou consumo ou data de caducidade.

Intrucións ou indicación para o correcto uso ou consumo, advertencias ou riscos previsible.

A etiquetaxe non pode inducir a erro e debe proporcionar información clara especialmente sobre:

As características do ben ou servizo especialmente respecto a súa natureza, identidade, cualidades, composición, cantidade, duración, orixe ou procedencia e o modo de fabricación ou de obtención.

Non pode atribuir ao ben ou servizo efectos ou propiedades que non posúa.

Non pode suxerir que o ben ou servizo posee características particulares, cando todos os bens ou servizos similares posúan as mesmas características.

4. COMO PODEMOS FACER O TRABALLO?

Galicons-net é un traballo conxunto. O alumnado realizará o proxecto, coa coordinación do profesorado.

Unha vez rematado o proxecto, o propio alumnado presentarao a outros grupos ou colectivos, tanto dentro da propia comunidade educativa, coma fóra dela, ou en ambas as dúas.

5. CARACTERÍSTICAS BÁSICAS QUE DEBE TER O PROXECTO

- Ser un proxecto interdisciplinario.
- Implicar a alumnado, profesorado e familias.

- Implicar unha análise das diferentes fases e actividades do traballo, e elaboración de conclusións que o alumnado participante deberá comunicar e expoñer a outros grupos non participantes no proxecto utilizando diferentes técnicas, ferramentas e recursos.

6. FASES DO PROXECTO

Para levar a cabo o proxecto, recoméndase seguir as seguintes fases:

- **1ª Fase: Escoller a temática**

- O profesorado escollerá a temática sobre a que traballar entre as diferentes áreas anteriormente mencionadas.
- Débese concretar cal é o obxecto de estudo e darlle un título.
- Describírase cal será o equipo que vai a desenvolver o proxecto, sinalando que grupos, persoa e colectivos van a participar nel directa ou indirectamente.
- O tema pode axustarse a necesidades da aula ou a cuestións que se estean a traballar, pero debe dar resposta ás necesidades do alumnado, o cal é un garante para unha maior motivación e implicación no proxecto (hai que recordar que o alumnado é o protagonista e quen vai a desenvolver o proxecto).

- **2ª Fase: Investigación do alumnado.**

- O alumnado investigará sobre os contidos definidos.
- Debe agrupar os datos recollidos e sacará as conclusións tras a investigación.
- Tanto o alumnado coma o profesorado, desenvolverán unhas competencias clave.

- **3ª Fase: Elaboración do material.**

- O proxecto deberá concretar o proceso de aprendizaxe na elaboración dun produto final, que permita expoñer o coñecemento adquirido e o traballo realizado.

- Terá formato libre e formalizarase a través de calquera tipo de soporte (textual, audiovisual, informático, virtual, gráfico, campaña de concienciación...).
- O alumnado será o encargado de presentar ese produto, co fin de amosar as conclusións recollidas e transmitirllas así ao resto da comunidade educativa ou outros colectivos.
- Exemplos de boas prácticas:

➤ **Efa Piñeiral**

**PROGRAMA PLAN PROXECTA:
GALIGONS-NET**

**Carapuchiña
2.0**

**¿E TI COMPRAS POR INTERNET?
SI, PERO SÓ CANDO É SEGURO**

Contacto
Para inscribirse, recibir máis información ou resolver calquera dúbida podedes contactar con nós:

EFA Piñeiral
Sta. María s/n Arzúa 15810
(A Coruña)
981 500 580
667 505 655
pineiral@efagalicia.org

**EFA
PIÑEIRAL**

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Galicia

ANTES DA COMPRA	DURANTE A COMPRA	DEPOIS DA COMPRA
<p>1. Comprobamos a seguridade da páxina.</p> <p>HTTPS:// e/ou  <small>Fixarse que teña un s e/ou Fixarse que o candado esté pechado</small></p> <p>2. Buscamos e lemos a información da empresa.</p> <p>{ nome da empresa CIF correo electrónico domicilio fiscal teléfono outros datos }</p> <p>3. Buscamos e lemos as condicións xerais.</p> <p>{ prazos de entrega medios de pago gastos de envío }</p> <p>4. Miramos as opinións doutros usuarios.</p>	<p>1. No catálogo da páxina web, seleccionamos os produtos e comprobamos que a información esté completa.</p> <p>2. Se estamos de acordo, metemos o produto na cesta da compra.</p> <p>3. Comprobamos a cesta e se está o que eleximos aceptamos.</p> <p>4. Rexistrámonos comprobando as condicións de seguridade e de protección de datos.</p> <p>5. Se aceptamos, xeramos a factura.</p> <p>6. Seleccionamos a forma de pago.</p> <p>{ tarxeta de crédito contra reembolso paypal outros }</p> <p>7. Pechamos sesión.</p>	<p>1. Entrega do paquete { a domicilio servizo postal recollida no punto de venda }</p> <p>2. Devolucións</p> <ul style="list-style-type: none"> * Temos mínimo 14 días naturais para devolvelo. * O vendedor ten máximo 14 días naturais desde que se fai a devolución para reembolsar o importe da compra. * Se tardan máis de 30 días en ingresamos o diñeiro temos dereito a reclamar o dobre. <p>3. Reclamacións</p> <ul style="list-style-type: none"> * Reclamamos porque ten algún defecto. * A través do mesmo medio que usamos para comprar. * Se non se soluciona, cubrimos unha falla de reclamación. <p>Encontrámo-la: Instituto galego de consumo: www.igc.xunta.es E emfaze</p> <p>{ OMIC (Oficina Municipal de Información ó Consumidor Asociacións de consumidores e usuarios Servizo provincial de consumo }</p>
<p>¡OLLO CO LOBO!</p> <p>MELLOR:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Facer a compra na casa no canto de lugares públicos. * Copiar a dirección e non pinchar directamente no link. 	<p>¡OLLO CO LOBO!</p> <ul style="list-style-type: none"> * Le con atención toda a información. * Non te fies só da foto que ves. * Le con atención o que aceptas. * Lembra pechar sempre a sesión. 	<p>¡OLLO CO LOBO!</p> <ul style="list-style-type: none"> * Antes de firmar o pedido, asegúrate de que o que pediches se corresponde co que recibes.

➤ CEIP San Marcos (Abegondo)

<https://cambiamosmirada.blogspot.com/>



Experiencias e actividades realizadas co alumnado de educación infantil do Ceip San Marcos ao abeiro do Plan PROXECTA Galicia 17/18, centrado en publicidade consumo e xénero.

martes, 28 de novembro de 2017

Con qué podemos xogar?

Primeiro conversamos sobre os xoguetes que teñen na aula e o seu uso. Preguntamos: *¿a quen lle gusta xogar con...?* Identificamos que en xeral a todos lles gusta xogar con todo. Nenas que confirman gustarlle os coches e as pezas de construción, nenos que adoran a cocinita e as bonecas.

Logo observamos diferentes catálogos de xoguetes da actual campaña de NADAL 2017: *Imaginarium, ToyPlanet, EurekaKids, El Corte Inglés...*

Buscamos por xoguetes a ver quen atopa anuncios con ese

➤ Ceip Riomaioir (Vilaboa)

<http://riomaioirpublicitario.blogspot.com.es/>

➤ IES Ricardo Carballo Calero (Ferrol)

<https://proxectocosme.wordpress.com/>

Na nosa sociedade, o consumo é un factor clave, non só desde o punto de vista económico, senón desde o punto de vista cultural.



O consumo responsable é unha ferramenta poderosa que nos permite producir grandes cambios fronte a pequenos xestos, facéndonos responsables das nosas decisións como consumidoras e consumidores.

COMO SE APLICA O CONSUMO RESPONSABLE AO MUNDO DA COSMÉTICA

Con criterios profesionais

- ✓ Informándose antes de comprar solicitando asesoramento profesional.
- ✓ Lendo as etiquetas que dan información sobre a eficacia e procedencia dos compoñentes activos dos cosméticos.
- ✓ Planificando as compras, sen caer na compra compulsiva nin deixarse levar pola ofertas.
- ✓ Comprando só necesario sen caer no consumismo.
- ✓ Rexeitando as marcas que fomenten o corpo perfecto.



Con criterios éticos e sociais

- ✓ Comprando marcas cosméticas que non usen materias primas derivadas de animais ou testados neles.
- ✓ Valorando o comercio xusto.



Con criterios ambientais ou ecolóxicos

- ✓ Con cosméticos elaborados con produtos naturais, con ingredientes minerais ou botánicos de cultivos orgánicos. **Os ingredientes naturais están descritos en latín, os de orixe química en inglés. Cantos mais ingredientes en latín, mais porcentaxe de produtos naturais contén o cosmético.**
- ✓ Biodegradables.
- ✓ En envases ecolóxicos e reciclables sen usar derivados do petróleo.





- **4ª Fase: Memoria da participación no proxecto.**

- O profesorado realizará unha memoria pomenorizada sobre o traballo do alumnado e avaliará os resultados obtidos: cumprimento de obxectivos, competencias adquiridas polo alumnado e nivel de satisfacción dos e das participantes no proxecto.

7. QUE RECURSOS PODEMOS EMPREGAR?

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia, a través da Escola Galega do Consumo, estará a disposición dos centros para facilitarlles a orientación e o apoio que precisen, así como a formación inicial necesaria para desenvolver os seus proxectos, a través dos seguintes recursos:

- Cursos de formación do profesorado sobre as áreas de traballo a través de **PLATEGA**:
 - “Consumo e finanzas na aula”. **2º Trimestre ao 30 horas. Código G22.**
 - “Consumo e xénero. Traballando coa publicidade na aula”. **2º Trimestre. 30 horas. Código G22.**

- “Comercio electrónico”. 3º Trimestre . 30 horas. Código G22.

- **Asesoramento do persoal técnico da Escola Galega do Consumo:** orientacións e suxestións sobre como facer o proxecto.
- **Preferencia para participar nas actividades** do Programa CORES así coma noutros específicos **da Escola Galega do Consumo** (InfoNadal, A tarifa da luz, Entroido...) dirixidas ó alumnado, profesorado e toda a comunidade educativa en xeral.
- **Espazo en Redeiras para consultar e compartir recursos multimedia.**

8. MEMORIA DA PARTICIPACIÓN NO PROXECTO E MEMORIA DO PLAN PROXECTA

▪ MEMORIA DA PARTICIPACIÓN NO PROXECTO

O centro participante en cada categoría elaborará unha memoria explicativa do traballo desenvolvido. Estará redactada en galego e na súa estrutura contará cos seguintes elementos:

a) **Portada**, que debe indicar o título do proxecto, a temática de traballo escollida e o nivel educativo do alumnado participante.

b) **Índice paxinado**.

c) **Corpo da memoria**, cunha extensión máxima de 5 páxinas (aproximadamente 1.800 caracteres por páxina), que debe explicar de forma resumida as seguintes cuestións relativas ao desenvolvemento do proxecto:

1º. Os materiais e os produtos creados no proxecto.

2º. As distintas fases de elaboración do proxecto e a súa temporalización.

3º. Os obxectivos iniciais marcados e o nivel de cumprimento.

4º. O grao de participación dos axentes implicados na realización do proxecto (profesorado, alumnado, familias, resto da comunidade educativa).

5º. As dificultades atopadas polo alumnado no desenvolvemento das tarefas obxecto do proxecto, as aprendizaxes recoñecidas polo propio alumnado e as conclusións obtidas coa realización do proxecto.

d) Anexo bibliográfico, fotográfico e virtual (coas ligazóns ás páxinas en que se poida visualizar o traballo desenvolto, se é o caso).

Esta memoria, será válida para participar nos premios de innovación educativa aos proxectos de consumo responsable de Galicons-Net (descritos no punto 10).

O prazo de entrega rematará: será publicado no DOG (arredor do mes de abril).

▪ **MEMORIA DENTRO DO PLAN PROXECTA**

- A persoa coordinadora será a encargada de recoller todo o traballo do alumnado avaliando os resultados obtidos:
 - Cumprimento de obxectivos
 - Competencias adquiridas polo alumnado
 - Nivel de satisfacción dos e das participantes do proxecto.
- Será cumprimentada a través da aplicación de Plan Proxecta <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>
- Será avaliada polas persoas responsables do programa do plan Proxecta.
- A entrega e valoración positiva da mesma será indispensable para acadar a certificación de horas de innovación educativa.

O prazo de presentación das memorias será o: 7 de xullo de 2023

(https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/resolucion_plan_proxecta_2022_23_v.3_asinada.pdf).

***A TER EN CONTA:**

- Na memoria non se trata de transcribir o proxecto, senón de dalo a coñecer.
- Debemos saber se se cumpren os obxectivos a través do resultado dos indicadores.
- A avaliación é de todo o proceso, non só do alumnado: en referencia á funcionalidade do proxecto, competencias do profesorado, impacto no resto da comunidade educativa, poñer en valor a difusión do proxecto.
- Visualización do traballo realizado: imaxes, páxinas, folletos, enlaces...
- Especificación da realidade do profesorado.

9. COMO SE VALORAN OS PROXECTOS?

Para a valoración da memoria entregada de cada uns dos proxectos, existen uns criterios de carácter xeral, enmarcados dentro do Plan Proxecta, e outros específicos, propios dos obxectivos do programa Galicons-net.

➤ **Criterios xerais do Plan Proxecta**

1. Participación activa do alumnado na realización do proxecto, na toma de decisións e na realización do produto final. Cómpre visibilizar claramente o traballo do alumnado a través de evidencias gráficas (a través de webs, blogs...) ou documentais.

2. Implicación da comunidade educativa (profesorado, familias e institucións do contorno) creando entre todos unha rede de traballo cooperativo.

3. Interdisciplinabilidade do proxecto (desde distintos departamentos didácticos, disciplinas ou materias) e transferibilidade.

➤ **Criterios específicos**

4. A adecuación ás temáticas propostas en materia de consumo.

5. A coherencia do traballo realizado cos obxectivos do proxecto.

6. A calidade, creatividade e orixinalidade dos materiais producidos.

7. A claridade expositiva da memoria final.

10. PREMIOS GALICONS.NET

Cabe destacar, que o Instituto Galego de Consumo e da Competencia, convoca cada ano os premios aos proxectos de innovación educativa sobre consumo responsable Galicons-net, para difundir e promover os valores do consumo responsable nos centros docentes da comunidade.

**A convocatoria dos premios soe sair publicada no segundo trimestre do curso, polo que a todos os centros se lle informará da mesma previamente.*

➤ **Participantes:**

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes non-universitarios públicos, privados e concertados da Comunidade Autónoma de Galicia que estean a participar no programa Galicons-net no curso 2022/23 a través dalgunha destas dúas vías:

a) Convocatoria do Plan Proxecta.

b) Solicitud formalizada do programa a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia.

➤ **Categorías de participación**

Establécense catro categorías de participación:

- Categoría A: alumnado de segundo ciclo de educación infantil e de educación primaria.
- Categoría B: alumnado de educación secundaria obrigatoria.
- Categoría C: alumnado de bacharelato, de ciclos formativos de grao medio e grao superior de formación profesional e de educación de persoas adultas.
- Categoría D: alumnado de educación especial.

Non se establece un número mínimo de alumnos/as para cada categoría de participación.

Cada centro docente só poderá presentar un único proxecto, correspondente a unha das categorías de participación sinaladas. Os centros con alumnado pertencente a varias categorías de participación deberán seleccionar unha das categorías sinaladas, segundo aquela que mellor represente o traballo realizado no centro. No caso de que non se seleccione ningunha categoría de participación, entenderase que o centro se presenta na categoría de participación correspondente ao alumnado de maior nivel académico.

➤ **Premios**

Concederase un premio de 1.500 euros para o mellor proxecto en cada unha das categorías de participación.

➤ **Certificación e recoñecemento**

Ademais dos premios, os centros recibirán un diploma do Instituto Galego do Consumo e da Competencia que os acredita como gañadores.

A persoa coordinadora e o profesorado participante nos proxectos premiados recibirán da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional unha certificación de 1º premio de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación do profesorado para o profesorado coordinador e 20 horas para o resto do profesorado participante.

➤ **Presentación das solicitudes**

1. Cada centro docente deberá presentar a correspondente solicitude de participación para o proxecto realizado. O/a director/a ou a persoa a quen lle corresponda a representación legal do centro presentarán as solicitudes.
2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
3. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

➤ **Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento:**

As solicitudes de participación irán acompañados da seguinte documentación complementaria:

a) Memoria da participación no proxecto, en formato PDF.

b) Documentación, en formato dixital ou físico, que permita visualizar os produtos elaborados.

A documentación complementaria presentarse por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente,

cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas relacionadas coa veracidade da copia, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que van presentar de forma electrónica supera os tamaños máximos establecidos ou ten un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Prazo de presentación: O prazo para a presentación das solicitudes comezará ao día seguinte ao da publicación da resolución no Diario Oficial de Galicia e rematará o día **6 de maio de 2022.**